



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA


Libros para **PERDERSE**

que non te podes perder



Contido

Animal: la definitiva e impactante guía visual de la vida salvaje en nuestro planeta.....	1
Antártida: la vida en el límite. Las expediciones de Bentart.....	2
El Bestiario de Aloys Zötl	3
The Elements.....	4
Ellas ilustran Botánica	5
Flora: historia ilustrada de las flores de jardín.....	6
Flora. El mundo secreto de las plantas	7
Insects & flowers: the art of Maria Sibylla Merian	8
El Libro de la Física	9
El libro de la Naturaleza: la guía visual definitiva del mundo natural.....	10
El Libro de los Medicamentos Simples.....	11
Lost Animals	12
Océano	13
Océanos: el mundo secreto de las profundidades marinas.....	14
Orígenes: la evolución de los continentes, los océanos y la vida en nuestro planeta	15
Tierra: la definitiva e impactante guía visual de nuestro planeta.....	16
La Tierra compartida: elogio de la biodiversidad	17
El Universo en tus manos	18
Los volcanes y los hombres.....	19

**título**

Animal: la definitiva e impactante guía visual de la vida salvaje en nuestro planeta

autoría

David Burnie

publicación


Madrid: Pearson Educación, [2002]

sinatura

Z-563

Este libro é un tributo ao Reino Animal. Producido por máis de setenta naturalistas, esta obra constitúe un completo estudo da vida salvaxe do noso planeta. Esta guía visual inclúe desde as especies máis coñecidas, que se poden atopar a diario, ata as máis curiosas, rara vez observadas anteriormente.

Ademais dos vertebrados, *Animal* incorpora unha ampla selección de invertebrados, criaturas que conforman a inmensa maioría das especies animais da Terra e que a miúdo pasan desapercibidas.



título
Antártida: la vida en el límite. Las expediciones de Bentart

autoría
Óscar García Álvarez


publicación
A Coruña: Madrid: Hércules de Ediciones, 2011

sinatura
Z-860

O continente antártico é o máis alto, frío, ventoso e seco da Terra. É a única rexión do noso planeta que aínda podemos considerar virxe. Leva máis de dous séculos exercendo unha sorprendente fascinación tanto a persoas aventureiras como científicas, atraídas pola súa orixinal orografía, xeoloxía, climatoloxía, flora e fauna, que moitas veces só se pode atopar alí.

A Antártida é coñecida, sobre todo, polo xeo, os pingüíns, as baleas e o *krill*. Pero o máis interesante é a relación que une todos eses elementos, sobre a que se constrúe o ecosistema antártico. A luz e a temperatura inflúen sobre este conxunto, ofrecendo unha excelente oportunidade para entender como se desenvolven os procesos ambientais e como os seus cambios poden repercutir no ser humano.

Este libro sintetiza o traballo documental levado a cabo por un grupo de persoas investigadoras de diferentes países, que estudou a taxonomía e a bioloxía dos fondos mariños durante varios anos. Este traballo foi realizado coa axuda dos proxectos e campañas de Bentart.




título	autoría	publicación	sinatura
<i>El Bestiario de Aloys Zötl</i>	Aloys Zötl	Milano: Franco María Ricci, 1983	FH-8

Tras as intrigantes láminas de dubidoso rigor histórico que aparecen neste libro, non hai nin un explorador, nin un científico, nin un artista; o seu autor é Aloys Zötl, un home que nunca percorreu o mundo, que naceu e morreu na Alta Austria e que traballaba con tinturas. Dedicou gran parte do seu tempo libre a contemplar as acuarelas dos bestiarios e a ler libros de historia natural. Os dous libros que máis influíron na súa obra foron *As Metamorfoses*, de Ovidio e *Historia Natural*, do ilustrador francés Georges Louis Leclerc.

Zötl pintou as súas acuarelas entre 1831 e 1887, datounas e arquivounas co esmero dun bibliotecario. O que debería ser documental, nas mans de Zötl converteuse en fantástico.

A colección de Zötl perdeuse durante moito tempo, ata que, décadas despois da súa morte, o surrealista André Breton redescubriu as súas láminas e cualificounas como “o bestiario máis suntuoso xamais visto”.



título
The Elements

autoría
Theodore W. Gray

publicación
New York: Black Dog &
Leventhal Publishers,
[2009]

sinatura
DIV-281

Este libro constitúe unha fascinante exposición fotográfica dos elementos da táboa periódica, incluídos os máis recentes.

Todo o que é tanxible neste mundo está formado por elementos e todos eles teñen dúas caras: os seus estados puros e unha ampla variedade de compostos químicos que xorden cando se combinan con outros elementos. Esta obra dános a oportunidade de ver ambos os dous aspectos de cerca, cunhas imaxes que constitúen o retrato máis complexo e visualmente espectacular de cada elemento no Universo.

Organizado pola orde de aparición dos elementos na táboa periódica, este libro presenta a cada un deles cunha fotografía no seu estado puro; tamén amosa fotografías con exemplos da forma en que o elemento se atopa no mundo: os compostos e as aplicacións nos que se atopa na vida diaria. Ademais, xunto coa historia de cada elemento, o libro inclúe datos científicos, como o seu peso atómico, a súa estrutura cristalina, e tamén as temperaturas nas que o elemento se convirte en sólido, líquido ou gas.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>Ellas ilustran Botánica</i>	Toya Legido	Madrid: CSIC, 2023	DIV-543

Este libro amosa o traballo de ilustradoras científicas botánicas desde o século XVII ata a actualidade e pon en valor a implicación destas mulleres na difusión da Bioloxía.

Os seus contidos inclúen máis de 50 obras realizadas con diferentes técnicas, como o debuxo, o gravado, a fotografía ou a pintura, e unha trintena de biografías de autoras que dan conta de como se foron trazando os camiños da igualdade no ámbito da ciencia. Deste xeito, botánica, historia, socioloxía, técnica e estética entrelázanse para desentrañar as relacións entre a arte, a ciencia e o xénero. Este libro evidencia o compromiso destas mulleres cos procesos de difusión do coñecemento e amósanos, cos seus traballos, como a Arte pode ser Ciencia, e a Ciencia, Arte.

Ellas ilustran Botánica acaba de recibir por parte do Ministerio de Cultura o premio ao libro de arte mellor editado en 2023.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>Flora: historia ilustrada de las flores de jardín</i>	Brent Elliot	Palma de Mallorca: Cartago, [2001]	FH-6

Rosas de China, xeranios de África do Sur, orquídeas das Américas... *Flora* ofrece magníficas ilustracións das flores de xardín, xunto co relato da súa transformación de especies silvestres a variedades domésticas.

A medida que avanzaba a expansión europea nos cinco continentes, novas sementes e milleiros de exemplares de flores exóticas foron descubertas e levadas a Europa. Xa no vello continente, especialmente en Gran Bretaña, moitas persoas amantes dos xardíns transformaron as novas especies en plantas, ata crear os xardíns de flores de coñecemos hoxe. *Flora* conta a historia desta evolución a partir do magnífico arquivo da *Royal Horticultural Society*. Esta sociedade británica, fundada en 1804, reuniu ao longo da súa historia unha colección única de arte e libros que abranguen cinco séculos de historia das plantas.

O autor do libro, Brent Elliot, traballou como bibliotecario durante vintecinco anos na biblioteca da *Royal Horticultural Society*, a *Biblioteca Lindley*, considerada hoxe como un dos mellores arquivos de xardinería e horticultura do mundo, con milleiros de pinturas, ilustracións e libros raros e curiosos.



título
Flora. El mundo secreto de las plantas

autoría
Jamie Ambrose

publicación
Londres: DK, 2019

sinatura
RB-148

Este libro desvela a asombrosa beleza e diversidade das plantas grazas as súas claras explicacións e as súas imaxes excepcionais.

Nunha combinación de arte e ciencia, *Flora* celebra as plantas: desde árbores esplendorosas ata algas microscópicas. Aparecen desde especies incríbles, que evolucionaron para adaptarse, ata plantas que se adaptaron para florecer incluso nos hábitats máis hostís.


Descobre lendo este marabilloso libro de introdución á Botánica o importantes que son as plantas para a vida, como xerminan, medran e se reproducen, e como serviron de inspiración para moitos e moitas artistas: as papoulas de O'Keefe, os xirasoles de Van Gogh ou os lirios de Monet. Canto hai que non observas unha flor detidamente e que non te sorprende a súa inmensa complexidade e beleza?



título	autoría	publicación	sinatura
<i>Insects & flowers: the art of Maria Sibylla Merian</i>	David Brafman; Stephanie Schrader	Los Angeles: J Paul Getty Museum, 2008	Z-922


María Sybilla Merian (1647-1717) foi una artista e científica que desafiou as convencións da súa época para perseguir a súa paixón de documentar o mundo natural.

Entre 1699 e 1701, Merian viaxou á colonia francesa de Surinam para estudar a flora e fauna únicas desa zona. Moitos dos debuxos e pinturas que fixo nesa viaxe publicáronse na súa *Metamorfose dos Insectos de Surinam*, en 1705. *Insects & Flowers* reproduce detalles en cores vivas de dezaseis láminas desa obra; ademais, presenta unha guía de identificación de insectos e plantas, xunto cun interesante ensaio sobre a vida e obra de María Sybilla Merian.



Colin Stuart é escritor, divulgador científico e membro da *Royal Astronomical Society*. Escribiu numerosos artigos divulgativos para medios como *New Scientist* ou *BBC Science Focus Magazine*. En 2017, en recoñecemento aos seus esforzos para popularizar a astronomía, a International Astronomical Union bautizou un asteroide co seu nome: 15347 Colinstuart.

9




título	autoría	publicación	sinatura
<i>El libro de la Naturaleza: la guía visual definitiva del mundo natural</i>	Kathryn Hennessy	Madrid: Akal, 2011	RB-141

Compartimos este planeta con millóns de especies de plantas, animais e microorganismos. Basta unha ollada ao noso arredor para comprobar como interactuamos con elas a diario: os alimentos que consumimos, a roupa que vestimos, os microbios que residen no noso corpo, o aire que respiramos e a auga que bebemos. Somos unha pequena póla da Árbore da Vida, unha árbore grande e complexa que foi perdendo a maior parte das súas pólas ao longo do tempo.

Este libro convida a asomarnos á extraordinaria diversidade e á historia natural da Terra: un planeta único grazas á súa situación no Sistema Solar, á súa historia xeolóxica e á evolución de diferentes formas de vida.

Con máis de cinco mil ilustracións de todo canto existe na Terra, este libro ofrece unha visión espectacular dos tesouros do noso planeta.



título
El Libro de los Medicamentos Simples

autoría
Mateo Plateario


publicación
Barcelona: Manuel Moleiro,
2001

sinatura
FH-11

Le livre des simples médecines, da *Biblioteca Nacional de Rusia*, en San Petersburgo, é un códice singular non só pola beleza das súas ilustracións, senón tamén porque constitúe unha fonte de extraordinaria importancia para a historia da farmacoterapia.

Tanto o texto como as lustracións deste códice son moi heteroxéneos: o núcleo desta obra é *De medicinis simplicibus*, un compendio de mediados do século XII atribuído a Mateo Plateario, médico de Salerno, cidade na que se desenvolveu a primeira etapa de tradución, desde o árabe ao latín, das obras médicas clásicas e islámicas.

O contido textual e iconográfico desta obra reflexa a traxectoria dos estudos sobre os medicamentos desde a Antigüidade clásica ata a Alta Idade Media, a contribución da Escola de Salerno, e as principais tendencias baixomedievais e renacentistas.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>Lost Animals</i>	John Whitfield	London: Welbeck Publishing Group, 2020	X-1200

Este libro é a historia da vida na Terra. Hai máis de cincocentos vinte millóns de anos, os principais grupos de animais (moluscos, anélidos, crustáceos, vertebrados) apareceron no rexistro fósil no que, xeoloxicamente falando, supón un abrir e pechar de ollos. Ademais dos animais que coñecemos hoxe, a evolución experimentou con formas corporais agora obsoletas.

Belamente ilustrado, con interpretacións de artistas, fotografías de fósiles e debuxos científicos, *Lost Animals* revive algunhas das criaturas máis carismáticas que habitaron o noso planeta, ademais de outras que representaron un importante salto evolutivo.

O autor, o zoólogo John Whitfield, fálanos das especies que perdemos, das que acabamos de descubrir e das que se crían extinguidas ata o seu redescubrimento, así como dos intentos de conservar e resucitar outras.



título
Océano

autoría
Hélène Druvert; Emmanuelle Grundmann

publicación
Madrid: Maeva,
2019

sinatura
DIV-4 19

Mergúllate para descubrir o verdadeiro pulmón do noso planeta, vai ao encontro dos seus habitantes, unha flora e unha fauna asombrosas que se revelan detrás de despregables e figuras espectaculares. Entende o nacemento dunha onda, observa as fumarolas negras das profundidades, admira o teatro coralino ou o ballet dos animais bioluminescentes.

A ilustradora Hélène Druvert e a bióloga Emmanuelle Grundmann son as autoras deste precioso libro que, con estampados e animacións, ofrece unha nova ollada das múltiples caras do océano, á vez que explica os seus misterios.




título	autoría	publicación	sinatura
<i>Océanos: el mundo secreto de las profundidades marinas</i>	Jamie Ambrose (...et al.)	London: DK, 2021	RB- 146

Nas páxinas deste libro poderás explorar as profundidades mariñas dun xeito único. A través das súas fotografías, amósase a abundante vida nos mares: desde o plancto microscópico ata as enormes baleas. Móstranse todos os recunchos dos océanos, desde os arrecifes de coral ata as fosas mariñas máis profundas.

Océanos: el mundo secreto de las profundidades marinas, coa axuda de ilustracións claras e sinxelas, explica como se foi adaptando a vida ao medio mariño e amósanos, por exemplo, como un peixe pedra libera o seu veneno letal, ou como unha esponxa se alimenta a través dos seus poros. Tamén examina as mareas, os volcáns submarinos, os tsunamis ou a formación dos océanos.

Este precioso libro achéganos aos seres vivos que habitan nun mundo inmenso, descoñecido e fantástico.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>Orígenes: la evolución de los continentes, los océanos y la vida en nuestro planeta</i>	Ron Redfern	Barcelona: Paidós, 2002	X-940

Durante os últimos setecentos millóns de anos, a Terra foi cambiando desde o seu interior, lenta e constantemente. A superficie do noso planeta non é fixa nin estable, está composta de placas tectónicas en movemento continuo, e os seres humanos temos a necesidade de admitir este cambio, de adaptarnos a el.

A estrutura deste libro ofrece a oportunidade de seguir dúas narracións distintas e paralelas: a primeira, artellada a partir de artigos ilustrados; a segunda, composta por un texto salpicado de imaxes numeradas. Cada capítulo ofrece unha fascinante ollada sobre a formación e o desenvolvemento do noso mundo.

Esta obra explora como se forman e se modifican os continentes, como se destrúen e se reconstrúen as cuncas oceánicas e como o clima, en constante cambio, oscila entre extremos realmente espectaculares.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>Tierra: la definitiva e impactante guía visual de nuestro planeta</i>	James F. Luhr (ed.)	Madrid: Pearson, 2004	X-1014

Cunha órbita estable, nin moi preto nin moi lonxe do Sol, a Terra ocupa unha posición única no Sistema Solar, con condicións adecuadas para a orixe e a evolución da vida. Nos seus millóns de anos de historia, unha combinación de sucesos e procesos transformaron a Terra nun planeta azul; a diferenza do que sucede noutros planetas, cuncas oceánicas externas, en constante cambio, cobren a maior parte da superficie terrestre, dándolle esa cor. Sobre a superficie dos océanos érguense áreas de terra continentais e illas, cuxas configuracións tamén cambian no tempo xeolóxico.

Durante miles de millóns de anos, os océanos enchéronse de vida, que foi evolucionando e diversificándose para ocupar a terra e o aire. Esta vida, ademais da enerxía do Sol, depende dunha atmosfera gasosa que nos protexe da súa radiación.

Tierra: la definitiva e impactante guía visual de nuestro planeta, estrutúrase en cinco seccións: o Planeta, a Terra, o Océano, a Atmosfera e a Tectónica.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>La Tierra compartida: elogio de la biodiversidad</i>	Nicolas Hulot	Barcelona:Lunweg, [2006]	EC-752

Nos últimos anos, a Terra está a sufrir unha conmoción: cambio climático, erosión da biodiversidade, destrución dos medios... uns fenómenos moito máis rápidos que a evolución natural do noso planeta, e dos que a nosa sociedade é responsable.

O periodista francés Nicolas Hulot expón neste libro a biodiversidade do noso planeta. Acompañando o texto con grandes fotografías, describe oito ecosistemas, coa súa especificidade e complexidade. Estes ecosistemas son: bosques, océanos, desertos, polos, montañas, medios urbanos, medios húmidos e medios abertos.


Este libro gaba a beleza da Terra e incítanos a preservala, xa que a protección dos mundos vivos é indispensable para a nosa supervivencia, e para un desenvolvemento sostible das sociedades humanas.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>El Universo en tus manos</i>	Pilarín Bayés; Sonia Fernández-Vidal	Barcelona: La Galera, 2015	DIV-453

Cando Eva sube ao faiado onde traballa o avó Leonardo, non hai rastro del. O avó de Eva é unha persoa moi intelixente e sempre lle explica cousas de Ciencia á súa neta. Quizais esta vez levou a cabo un experimento perigoso, e pode ser que esa especie de nave espacial coa porta aberta teña algo que ver. Eva decide entrar na cápsula sen saber que comezará a aventura máis importante da súa vida, e tratará de rescatar ao seu avó mentres aprende cousas incríbles do lugar no que vivimos: o Universo.

Acompaña a Eva nunha viaxe pola Ciencia e a historia, ata a orixe mesma do cosmos.



título	autoría	publicación	sinatura
<i>Los volcanes y los hombres</i>	Philippe Bourseiller; Jacques Durieux	Barcelona: Lunwerg, 2001	X-381

Os grandes volcáns do noso planeta son testemuñas dun mundo que se está a formar. Durante moito tempo, os volcáns deron lugar a crenzas e supersticións: nalgunhas civilizacións manifestaban a cólera dos deuses, mentres que noutras, como na Indonesia, considéranse unha fonte de vida e un sinal da clemencia divina. En calquera caso, forman parte da historia da humanidade desde a súa orixe.

A actividade eruptiva segue sendo unha preocupación fundamental para as persoas científicas. Actualmente, sabemos como funcionan os volcáns e coñecemos mellor os seus efectos, ás veces, inesperados. A pesar de que os volcáns non provocan un número tan elevado de vítimas como hai cen anos, seguen constituíndo unha ameaza para as nosas sociedades modernas.

O fotógrafo Philippe Bourseiller, autor deste libro, realizou expedicións a todos os grandes volcáns do noso planeta, e as súas fotografías contan unha historia que comezou co inicio do mundo.